



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE DECEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día trinta de decembro de dous mil quince, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 4.761/2015.- CONSTRUCCIONES Y PROYECCIONES DIZ, S.L., PARA REFORMAS INTERIORES CONSISTENTES EN CAMBIO DE ALICATADOS EN BAÑO 30,00 M². E DA COCIÑA EN 7,00 M²., CAMBIO DE CONDUCTO DE FONTANERÍA, REPOSICIÓN DE VIDROS (2 UNIDADES), SUBSTITUCIÓN DE CADRO ELÉCTRICO DE PROTECCIÓN E APERTURA DE OCOS DE VENTILACIÓN DE 15X15 (BUTANO), NA VIVENDA SITA NA RÚA DE ROSAL-MUIÑO DE ABAIXO (BLOQUE 5-1º B), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.579/2015. D^a. MONTSERRAT ALONSO VALVERDE, PARA APERTURA DE PORTA PARA ENTRADA DE CABANÓN EXISTENTE DE 350 X 200 CMS., E AFIRMADO DE PISO CON FORMIGON NUNHA SUPERFICIE DE 18,00 M²., SITO NA RÚA DE 3º TRV. NETOS Nº. 6, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.163/2015.- D^a. CONCEPCIÓN FERREIRA ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 82,00 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA EN MAL ESTADO POR VIGUETAS PREFABRICADAS



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

E PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E COLOCACIÓN DA MESMA TELLA, SITA NA RÚA DE LAXES Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.963/2015.- WASH AUTO BAIXO MIÑO, S.L., PARA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO BAIXO COMERCIAL SITO NA PRAZA DE A GUIA Nº. 9-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.069/2015. D. ANTONIO MARTÍNEZ PÉREZ, PARA COLOCACIÓN DE SOLEIRA DE PEDRA EXISTENTE EN 3 PORTAS PARA SOLUCIONAR PROBLEMAS DE AUGAS PLUVIAIS DA RÚA E FORMACIÓN DE POZO CON ARO DE 80 CMS. DE DIÁMETRO PARA ARQUETA DE SANEAMENTO NA BEIRARRÚA, SITO NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ Nº. 37, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.644/2015.- D. ANTONIO TRIGO DIEGO, PARA REPARAR O TELLADO DO GARAXE CONSISTENTE EN RETIRAR OS BARROTES DE MADEIRA E SUBSTITUILOS POR BARDOS CERÁMICOS E COLOCACIÓN DA MESMA TELLA EXISTENTE SITO NA RÚA DE SETE CAMIÑOS Nº. 23, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "TABOLADO-FUNCHIDOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.061/2015.- H. BRUSELAS, C.B., PARA CAMBIO DE ALICATADO E LOUZA EN 2 BAÑOS DAS HABITACIÓNS 202 E 203 DA PLANTA SEGUNDA DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.006/2015.- H. BRUSELAS, C.B., PARA CAMBIO DE ALICATADO E LOUZA EN 2 BAÑOS DAS HABITACIÓNS 104 E 105 DA PLANTA PRIMEIRA DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.598/2015.- D. OSCAR MARTÍNEZ GUI SANTES, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE TABIQUE DIVISORIO E FALSO TEITO DE PLADUR E PINTADO EXTERIOR E INTERIOR DO LOCAL PREVIA REPARACIÓN DE GRETAS, SITO NA RÚA DE CARRETERA PINTÁN-PROBA Nº. 38, EN SOLO NONURBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "PINTÁN-PROBA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 4.015/2014.- D. JOSÉ CARRERO SOBRINO, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 56,55 M². E AMPLIACIÓN DE PORTAL DE ENTRADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BARREIRA Nº. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.680/2015.- D^a. ROSA MARÍA PAZOS LOMBA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR ATÓPARSE EN MALAS CONDICIÓNS APROVEITANDO A ESTRUCTURA ACTUAL E TELLA DO PAIS, E COLOCAR URALITA E A MESMA TELLA NON ALTERANDO O VOLUMEN EXISTENTE, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BARREIRA Nº. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.515/2015.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PACÍFICO-ARENAL REPRESENTADO POR D. SIRO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA OBRAS DE MANTENEMENTO NAS FACHADAS CONSISTENTES EN COLOCACIÓN DE LÁMINAS DE PLOMO EN VARIAS TERRAZAS E VENTANAL EXTERIOR PARA EVITAR FILTRACIÓNS DE AUGA E COLOCACIÓN DE TUBOS REBOSADEIROS NAS TERRAZAS DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE PACÍFICO RODRÍGUEZ Nº. 11 E RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 75, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.015/2015.- D. JOSÉ BERNARDO LOMBA LOMBA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE POR URALITA E TELLA DO PAIS SOBRE A ESTRUCTURA EXISTENTE, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE LUGO Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.610/2015.- D. JOSÉ RAMÓN VICENTE VICENTE, PARA PICADO DO MORTERO DA PAREDE DE PEDRA DE MAMPOSTERÍA, LAVADO CON MÁQUINA HIDROLAVADORA E ENCINTADO DE MURO POLA PARTE EXTERIOR CON MORTERO HIDROFUGO DE COR OCRE NUNHA SUPERFICIE DE 56,00 M²., E FORMIGONADO DE PATIO NUNHA SUPERFICIE DE 41,00 M². SITO NA RÚA DE NETOS Nº. 4, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 8.038/2015.- D. BUENAVENTURA LOMBA GONZÁLEZ, PARA LIMPEZA E LAVADO DE FACHADA E IMPERMEABILIZACIÓN DE DE PISO DE TERRAZA CON PINTURA DE CAUCHO ARMADA E APLICADA CON RODILLO, NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE HERNÁN CORTÉS Nº. 27, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- LICENZAS DE OBRAS

EXPEDIENTE NÚMERO: 4.745/2015.

Examinada a documentación presentada con data 20-07-2015 (R.E. nº. 4.745), por **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con C.I.F. nº. A-63.222.533 e con domicilio na rúa de Travesía de Vigo nº. 204 de Vigo-C.P. 36207, para licenza de obras de "INSTALACIÓN DE LIÑA DE BAIXA TENSIÓN AÉREA NUNHA LONXITUDE DE 234,00 MTS. E CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 64,00 MTS., PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE (5,75 KW), A VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de 1º Trv. Saa nº. 30, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "O Pasaxe" e Solo Rústico de Protección Ordinaria.

RBT MALLA (NºSGD: 248115030153).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 24-11-2015 considerase **favorable**.

SEGUNDO.- Visto a conformidade do asesor xurídico de data 15-10-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, licenza para "INSTALACIÓN DE LIÑA DE BAIXA TENSIÓN AÉREA NUNHA LONXITUDE DE 234,00 MTS. E CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 64,00 MTS., PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE (5,75 KW), A VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de 1º Trv. Saa nº. 30, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprixe o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 3.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA

Exp. Nº 6.580/2015 de data 07.10.2015.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. MELISA SOUSA PEREZ, con enderezo na Carretera do Castro, nº 67 de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS (Epíg. 659.7) no local sito na Carretera Pintán-Proba, nº 38 da Guarda, e visto o informe favorable de data 9 de decembro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a MELISA SOUSA PEREZ licenza municipal nº 30/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS (Epíg. 659.7) situado na Carretera Pintan-Proba, nº 38.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 4.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE
TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 6.592/2015. D. RICARDO OZORES ARAUJO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR [EPIG. 673.2] A REALIZAR NA RÚA MANUEL ALVAREZ, Nº 1-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE O EIDO DE GOIAN, C.B.

Sendo as once horas e vinte e cinco minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.